

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026352	IES Brión	Brión	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

## 1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea.

Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico.

Nesta liña, os contidos de terceiro van na dirección de comprender o territorio como o espazo humanizado, tanto desde unha perspectiva económica como física e ambiental. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero tamén van ser obxecto de estudo neste curso. Así mesmo, valorar que todos estes asuntos van sentir os efectos do fenómeno da globalización é outro dos eixes principais a tratar.

Desde o punto de vista histórico os contidos deste curso tratan o século XVIII, unha etapa de cambios ideolóxicos, sociais e económicos de grande repercusión que asentan as bases da organización política e económica do mundo contemporáneo ata os nosos días. As revolucións burguesas entenderanse como o marco de ruptura das estruturas do pasado (servidume) para conformar novas formas de pensamento ideolóxico e político nun novo contexto de liberalismo e de democracia, é dicir, de recoñecemento da cidadanía. A globalización, o capitalismo, as formas de traballo e a economía liberal serán cuestións que se comprendan cando se aborde a Revolución Industrial; e, igual que a sociedade, a economía e a política se transforman, a arte deste época tamén responderá a ditas mutacións adaptándose a novos gustos e demandas.

Ditos contidos están estruturados en tres bloques que son "Retos do mundo actual" no que se fai fincapé nos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global coa perspectiva de coñecer cales son os retos do futuro ao que se enfrenta a sociedade en xeral e a española e galega en particular.

O segundo bloque "Sociedades e territorio" integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo para comprender o devir actual e as consecuencias futuras. En definitiva, interpretar o presente desde a perspectiva do pasado como legado histórico.

O terceiro bloque de grande transversalidade é "Compromiso cívico local y global" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos dos/das alumnos/as deste nivel.

En definitiva, alumnado de terceiro comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3	3	4	1-2-4-5	1	1	3	4
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2	3	2	1-2	4	1-3	1-3	3

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.	2-3		3-4-5	1-5	3	3-4	1	1-4
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.	1-3	2	1	1-2	2	1-2-3-4	1	1-4
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	1-5	3	2	1-3-5	1-3	1-2	3	1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	1-5	3	1-3	1-3	3	1-2-3	1-3	1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	2-5	3	2-4	1-2	1-3	1-2-3		1-2-3
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.	2		1-4-5	4	2-5	1-2-3	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2-5		2	1-3	1	1-2-3-4	1	1

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O medio físico e a acción antrópica.. A pegada humana no medio e ameazas á Terra e a contorna próxima de España e Galicia.	Estudiaranse os elementos básicos do relevo terrestre, a súa identificación e a caracterización das paisaxes bioclimáticas. Abordaranse os problemas medioambientais da Terra. A emerxencia climática e a conciencia ecosocial.	10	8	X		
2	A poboación e o poboamento en España e Galicia. Os movementos de poboación e a diversidade social, multiculturalidade e igualdade de xénero.	Trata dos ciclos demográficos, a evolución da poboación e o reto demográfico en España e Galicia. O avellentamento da poboación e as políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. Os movementos migratorios e a diversidade social, a cohesión no seo da globalización, a non discriminación cun fincapé na igualdade de xénero.	8	9	X		
3	O espazo natural, rural e urbano. Formas de poboamento e a súa transformación. Evolución en España e Galicia e retos do futuro	Procura analizar os conceptos espaciais, localización, escala, proximidade espacial e facer un estudo do global ao local na escala rural e urbana e a súa evolución. r Retos do futuro en relación co Desenvolvemento Sustentable.	7	9	X		
4	Os Sistemas económicos. A distribución desigual dos recursos e do traballo nun mundo globalizado.	Trata de coñecer os diferentes sistemas de organización económica, a produción e o traballo. Abordar o concepto de globalización e o deber de entendernos dentro dun mundo globalizado.	9	9	X		
5	A actividade económica e os sectores produtivos. Axentes económicos. A economía	Trata do sector primario, secundario e terciario e a tendencia da economía global cara a terciarización e o deber do respecto	10	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	globalizada e desenvolvemento sustentable.	polo Desenvolvemento Sustentable.	10	9		X	
6	Paisaxes humanizadas e sectores produtivos na UE, España e Galicia e o mercado común europeo.	Trata de explicar o funcionamento do mercado dentro da UE e o papel económico de España dentro da UE. Así mesmo abordarase a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.	8	9		X	
7	Organización política das sociedades e ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional.	Trata de estudar os rexímenes políticos e a organización dos Estados, en concreto, o español e indicar a importancia das institucións para velar pola paz e a seguridade. Analizarase a estrutura da ONU e da UE.	10	9		X	
8	O Século da Razón. Transformación política. Da servidume á cidadanía.	Trata do Antigo Réxime, a Ilustración e o despotismo Ilustrado, así como os síntomas e propostas de cambio. É importante destacar a figura de mulleres que na época propuñan cambios no seu rol.	8	9		X	
9	As Revolucións Atlánticas e as Revolucións burguesas: a chegada do Liberalismo.	As ideas do liberalismo e as revoltas americana e francesa e as súas consecuencias.	10	9			X
10	A revolución industrial e a nova sociedade de clases.	Trata do estudo comparado das dúas revolucións industriais históricas e o nacemento e caracterización da nova sociedade de clases xunto co papel das mulleres no novo modelo social.	10	9			X
11	A chegada dunha nova dinastía a España. Uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814.	Trata dos primeiros monarcas Borbón en España, o reformismo ilustrado de Carlos III e a guerra e revolución liberal en España. A importancia da Constitución de 1812.	6	8			X
12	Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo. A personalidade independente de Goya.	Trata de coñecer as características xerais das manifestacións artísticas deste período e a súa relación coa arte clásica. Faise fincapé na figura independente de Goya para que se analicen as pinturas de temática histórica relevantes.	4	8			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O medio físico e a acción antrópica.. A pegada humana no medio e ameazas á Terra e a contorna próxima de España e Galicia.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características da contorna natural, reconece os elementos do relevo e o aproveitamento que fai o ser humano do medio.	PE	80
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre relacións entre clima e paisaxe e as maneiras de conservar o medio natural, rural e urbano e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo mural sobre un espazo protexido, identificando e describindo aceptablemente as principais características, localización e situación e problemáticas actuais a nivel ecolóxico.	TI	20
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre o medio ambiente no que indique as características, causas de deterioro, consecuencias e como pode contribuír a mellorar a paisaxe da súa contorna achegando solucións que se poidan tomar a diferentes escalas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A poboación e o poboamento en España e Galicia. Os movementos de poboación e a diversidade social, multiculturalidade e igualdade de xénero.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de elaborar e analizar un mapa sobre os fluxos de migracións no mundo.	PE	80
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	É capaz de comparar situacións de discriminación de migrantes no tempo e no espazo e sacar conclusións.		
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender os descritores da poboación e as características poboacionais de España, Galicia.		
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Compara gráficas e mapas de fluxos sobre os procesos migratorios históricos de Galicia cos procesos migratorios actuais e saca conclusións		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Elabora un cadro conceptual sobre os movementos migratorios incluíndo causas, consecuencias e escollendo outros parámetros de análise e comparación		
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Traballa en equipo no deseño dunha campaña publicitaria en favor da igualdade de xénero.	TI	20
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Partindo de noticias da prensa sobre a España baleirada e os intentos de recuperación é quen de recoñecer trazos das identidades vellas e as novas identidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas</li> <li>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.</li> <li>- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.</li> <li>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.</li> <li>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O espazo natural, rural e urbano. Formas de poboamento e a súa transformación. Evolución en España e Galicia e retos do futuro	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Realiza un exercicio escrito no que teña que explicar algún dos dezasete ODS empregando imaxes, mapas, gráficas... e fai propostas a problemas e retos do futuro.	PE	80
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber que tipos de poboamento hai, como evolucionaron e cales son os problemas que presentan.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Interpreta artigos de prensa e outros materiais sobre o tema do poboamento cunha actitude crítica e extrae conclusións		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta dun traballo, identificando e describindo aceptablemente as principais características do espazo natural, rural e urbano da súa contorna.	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Traballa en equipo realizando e expoñendo con certa soltura unha proposta de plan urbanístico para o seu concello que teña en conta os problemas do despoboamento rural e o crecemento dos núcleos urbanos así como a relación co medio ambiente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Os Sistemas económicos. A distribución desigual dos recursos e do traballo nun mundo globalizado.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que comprende o concepto de globalización e sabe que factores a impulsan, cales son as súas características e os seus riscos..	PE	80
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	É capaz de recoñecer os elementos que interveñen na organización dun sistema produtivo establecendo comparacións entre os sistemas produtivos de territorios diferentes e sacando conclusións.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, desmostrando comprender as características dos sistemas económicos e a súa evolución e permanencia no tempo, establecendo relacións coa economía liberal globalizada e interpretando fotnes de información.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Recoñece o significado do concepto "movemento antiglobalización", identificando as súas diferentes vertentes e organismos representativos, adoptando unha actitude crítica..		
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Elabora un mural sobre os cambios socio-económicos introducidos pola globalización na súa contorna.procurando información de distintas fontes.		
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Elabora un proxecto de posta en marcha dunha empresa partindo das características de funcionamento dunha multinacional e solventando os aspectos negativos dese modelo produtivo.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.</li> <li>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A actividade económica e os sectores produtivos. Axentes económicos. A economía globalizada e desenvolvemento sustentable.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características básicas de cada sector económico.	PE	80
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de realizar con certa soltura a lectura de gráficas, mapas e imaxes sobre as actividades económicas e a súa incidencia no medio e determinar cal dos ODS se deben cumprir ao respecto.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender como evolucionou a actividade económica, os axentes económicos e os retos do futuro.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo sobre a necesidade dun aproveitamento do medio respectuoso recoñecendo que obxectivos do Desenvolvemento Sustentable hai que cumprir.	TI	20
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Traballa en grupo elaborando unha enquisa sobre os hábitos de compra e consumo de bens de uso, publicando os resultados da enquisa e elaborando un decálogo de bos usos de consumo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorexión Galicia-Norte de Portugal.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.</li> <li>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.</li> <li>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.</li> </ul>

## Contidos

- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
6	Paisaxes humanizadas e sectores produtivos na UE, España e Galicia e o mercado común europeo.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Realiza un exame escrito no que identifica bastantes características da paisaxe de Galicia, España e Europa e indica algúns condicionamentos para a actividade económica.	PE	80
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar os sectores produtivos de Galicia, España e a UE e as potencialidades agrícolas de España e Galicia en relación á UE, nomeadamente a eurorrexió Galicia-Norte de Portugal.		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	É capaz de realizar con certa soltura gráficas e mapas nas que se plasmen as zonas por sectores de produtividade e tamén fai, entende e explica suficientemente os datos dunha gráfica temática.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Realiza o exercicio escrito sobre a evolución dos sectores produtivos e os retos de futuro e como estes van ligados ao cambio no medio natural.	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de realizar con certa soltura unha proposta de traballo no que expoña as características da zona onde vive e as actividades económica da súa contorna e como condiciona o medio á economía.		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	É capaz de realizar con certa soltura un informe sobre como poder aproveitar o medio de Galicia, España e a UE que sexa respectuoso co Desenvolvemento Sustentable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.</li> <li>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.</li> <li>- Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.</li> <li>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.</li> <li>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Organización política das sociedades e ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Realiza o exercicio identificando e describindo aceptablemente que é Estado, tipos de Estado, rexímenes e a organización territorial do Estado.	PE	80
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender que tipos de rexímenes existen, as diferenzas entre monarquía e república, como se organiza o Estado español, a identidade europea no contexto da UE e a da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.		
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender cales son as características fundamentais dun sistema democrático en antítesis ao ditatorial.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Realiza un exercicio escrito no que identifica con certa claridade cuestións sobre a organización do Estado, institucións, poderes, democracia e constitución, expresando e recoñecendo o valor destas institucións.		
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, no que plasma a importancia do sentido cívico, o respecto polas diferenzas e opinións dos demais e sobre o recoñecemento da muller.	TI	20
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	É capaz de realizar con certa soltura a proposta de traballo, identificando e describindo os problemas de convivencia que hai na súa contorna ou noutro lugar e as solucións que proporía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas</li> <li>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.</li> <li>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	O Século da Razón. Transformación política. Da servidume á cidadanía.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Responde cun nivel de suficiencia ás cuestións planteadas no exame sobre o Antigo Réxime e as súas características políticas, económicas e sociais.	PE	80
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Realiza con certo nivel de coñecemento un exame escrito sobre o concepto de Ilustración e sinala algunha das súas críticas ao Antigo Réxime e medios de difusión.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza no exercicio escrito cun nivel suficiente un comentario histórico guiado sobre os cambios políticos e económicos derivados da Ilustración.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	É capaz de expresar con certa claridade as permanencias da Ilustración na actualidade e plasma nun resumo, o valor do presente en función dos cambios producidos no século XVIII.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Procura información sobre as mulleres e a Ilustración e prepara e expón unha presentación.	TI	20
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Elabora un informe sobre o dereito á educación no mundo partindo da idea do concepto como principio ilustrado, tomando en consideración as diferenzas de xénero no disfrute do mesmo e valorando a súa propia posición ao respecto deste dereito e deber.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> </ul>



## Contidos

- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.
- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.
- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.

UD	Título da UD	Duración
9	As Revolucións Atlánticas e as Revolucións burguesas: a chegada do Liberalismo.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	É capaz de interpretar e explicar as ideas dos cadernos de queixas e elaborar un caderno de queixas trasladando o documento histórico á actualidade.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Explica dun xeito suficiente o concepto de revolución burguesa e cita algúns obxectivos políticos revolucionarios en contraposición co Antigo Réxime.	PE	80
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	É capaz facer algunha enumeración dos motivos que conduciron ás Revoltas e fai un exercicio escrito suficiente e comprensible.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia.	Responde de xeito sucinto ás preguntas sobre o proceso de Independencia das colonias americanas e da Revolución Francesa e identifica a ideoloxía liberal e nacionalista como ideas do presente.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	É capaz de realizar con certo nivel unha liña do tempo na que se representen os procesos revolucionarios da época: Revolución Americana, Francesa, etapa de Napoleón, Revolución Industrial...	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de realizar con certa soltura unha presentación en posters, ppt, para expor sobre un personaxe (home ou muller) da época e sobre o papel das mulleres nos procesos revolucionarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.</li> <li>- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.</li> <li>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	A revolución industrial e a nova sociedade de clases.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	É capaz de interpretar e comparar fontes cartográficas sobre os procesos de industrialización de Inglaterra e España.	PE	80
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	É capaz de redactar unha exposición sobre a orixe da sociedade de clases caracterizando as clases acomodadas e populares e comparando a evolución deste modelo social na actualidade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Elabora cun nivel suficiente unha táboa comparativa dos procesos da primeira e a segunda Revolución Industrial, establecendo axeitadamente os criterios a comparar.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	É capaz de interpretar artigos da Convención dos Dereitos da Infancia da ONU, resumir a situación da explotación infantil no mundo a partires dun informe da OIT e comparar esta situación coa do traballo infantil durante as revolucións industriais.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de realizar unha liña do tempo sobre os avances científico- técnicos das revolucións industriais realizando previamente a procura de información axeitada.	TI	20
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Realiza un exercicio de simulación e é capaz de definir Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable para unha industria no contexto das revolucións industriais tendo en conta os problemas ambientais e sociais da época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.</li> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.</li> <li>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	A chegada dunha nova dinastía a España. Uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	De xeito suficiente e comprensible fai un resumo tras a lectura, visualización, proxección dunha breve reseña histórica de España antes do XVIII e recoñece trazos identitarios.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica algunhas características básicas e representantes da Ilustración española e galega e explica algunhas reformas político-administrativas do século XVIII e explica de forma xeral a Guerra de Independencia.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza dun xeito coherente un mapa conceptual sobre a Guerra de Sucesión española.	PE	80
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Explica dun xeito comprensible as reformas económicas acometidas polos Borbóns e extrapola a súa influencia na actualidade no senso de establecer relación entre Estado centralista e descentralizado.		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Identifica cun certo grao de comprensión os trazos que conformaron a España e a Galicia contemporáneas e é quen de enumerar algunhas características da diversidade social e cultural que conforman o país.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	É capaz de realizar con certa soltura unha pescuda de información sobre que é Dinastía, averigua quen foron os monarcas españois a partires dos Reis Católicos e elabora unha liña sucesoria..	TI	20
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Traballa en grupo preparando unha presentación sobre os cambios introducidos polo reformismo borbónico en Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.</li> <li>- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.</li> <li>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.</li> <li>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo. A personalidade independente de Goya.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Identifica e expresa con certa seguridade os diferentes estilos artísticos da época e comparando dúas imaxes recoñece e enumera algún elemento artístico que os diferencia.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Clasifica con certa seguridade as características do Rococó, do Neoclasicismo e do Romanticismo e enumera algún exemplo de España e Galicia e os relaciona cos feitos históricos.	PE	60
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Coñece a grandes trazos a vida e a obra de Goya e ten certo coñecemento das obras e do significado da Carga dos Mamelucos e os Fusilamentos do 3 de maio e os relaciona coa Invasión Napoleónica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre os movementos artísticos: Rococó, Neoclasicismo e Romanticismo e incorpora nomes de mulleres artistas e xulga o por que do seu relegamento.	TI	40
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza unha síntese interpretativa da obra de Goya a traveso da selección dunha obra representativa en distintas facetas artísticas ou temáticas do pintor e en relación coa súa época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.</li> <li>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de terceiro os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquiera o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

As unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial co fin de traballar dun xeito operativo, práctico e comprensible.

Segundo a máxima de que se aprende facendo é recomendable o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que conduzan a aumentar o seu interese, a súa motivación e a súa autonomía.

En efecto, diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar, así mesmo, as dificultades de aprendizaxe que aparezan e aplicar, en consonancia, os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Por medio de actividades como o deseño de rutas; simulacións de feitos históricos ou de personaxes; investigacións sobre temas curriculares; elaboración de xornais de época; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates; planteamentos e retos, etc., incentívase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado facendo que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" .... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado para que adquiren autonomía e aprendan por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Polo tanto empregaranse na aula as seguintes estratexias:

1-Estratexias expositivas: nas exposicións explicativas dos diferentes aspectos a estudar, o profesorado intentará impulsar a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva dos contidos impartidos na aula. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e a profesora. Fomentará as preguntas aclaratorias e a participación procurando erradicar temores, medos (ao ridículo por exemplo), receos, etc.

2-Estratexias referenciais: A profesora terá unha relación constante coa realidade inmediata. Nas materias de Historia aproveitará a existencia de restos arqueolóxicos de diversas épocas, vivendas, mosteiros, igrexas, ou outros edificios significativos da historia comarcal e local, etc., para posibilitar unha memorización máis comprensiva e aprendizaxes máis significativas. Nas materias de Xeografía as referencias poden ser: os caracteres máis destacados da xeografía local, explotacións agrícolas existentes na bisbarra, características urbanas máis destacables da vila, a xeografía industrial de Brión, etc...-. Trátase, tanto en Historia como en Xeografía, de partir das realidades máis concretas e inmediatas para chegar ó estudo das máis xerais e universais.

3-Estratexias de indagación para a asimilación de contidos e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: pequenos traballos de síntese máis que de investigación (con bibliografía variada), iniciación ao traballo con fontes textuais, comentarios de mapas históricos e gráficos, traballos sobre mapas topográficos e planos catastrais locais, consulta da prensa diaria para a selección de novas relacionadas cos contidos da materia (aspectos ecolóxicos, arqueolóxicos, históricos ou museísticos).

4-Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, comentario de filmes, pequenas dramatizacións, xogos de simulación, saídas ao entorno máis próximo, etc..

5-Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de todos os aspectos que caracterizan cada civilización económicos, sociais, culturais e políticos- fronte a unha visión excesivamente especializada e marcada polos acontecementos.

6-Lugar central na metodoloxía a seguir xogara a competencia de aprender a aprender, polo que centraremos moito o traballo no desenvolvemento das técnicas de estudo para fomentar uns hábitos e métodos de aprendizaxe adecuados e eficaces, sen esquecer a necesidade de alimentar no alumnado o necesario hábito de traballo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Xeografía e Historia 3º ESO, Vicens Vives.
Apuntamentos do docente
Aula Virtual do centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado



Materiais fotocopiabables
Materiais informáticos
Material audiovisual
Mapas xeográficos e históricos
Novelas históricas, novelas gráficas, comics
Material funxible
Prensa
Cine ou documentais e vídeos.

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso, ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver e sobre todo axuda a formar no alumnado o hábito da consulta bibliográfica.. Non obstante, débese ter en conta que non debe condicionar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o/a profesor/a pode dispor da súa propia aula virtual para programar traballos e actividades (visualizar vídeos, realizar tarefas interactivas...), apoiar a asimilación de contidos que enriquezan a didáctica.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable.

As novelas ou o cine, asó coma documentais e reportaxes sobre aspectos xeográficos que traten algún dos aspectos do currículo de terceiro adoitan ser un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e dispoñibilidade temporal.

Pode dispoñerse de xogos históricos para ser empregados nalgunha ocasión pois favorecen un bo clima escolar.

Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

No curso de terceiro abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, a democracia...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesións de setembro levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado consistente na realización dunhas probas escritas e orais orientadas a analizar o dominio de contidos básicos e competencias clave, en particular a competencia en comunicación lingüística, en conciencia e expresión culturais, a de aprender a aprender, social e cidadá, interesando igualmente a capacidade de interacción co mundo físico. Tratarase de traballar con diversos materiais: textuais, gráficos, mapas e imaxes. As probas serán seguidas da súa corrección inmediata na aula por parte do propio alumnado en conxunto o que favorecerá a aprendizaxe entre iguais..

Aos resultados destas probas sumarase a información achegada polos titores correspondentes. A avaliación inicial permitiranos ter un primeiro coñecemento das necesidades particulares de cada alumno e propoñer modificacións na dinámica da clase, exercicios de reforzo e seguir dun xeito máis específico a aprendizaxe do alumnado con dificultades, ou ben, detectar alumnado con maiores capacidades para poder ofrecerlle a opción de avanzar ao seu



ritmo. En casos de dificultades máis acusadas, poderá propoñerse a derivación de alumnado ao agrupamento ou a aplicación dunha adaptación curricular.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>7</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>4</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	60	<b>79</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	40	<b>21</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese por unha banda mediante unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda os instrumentos de avaliación, probas escritas e táboa de indicadores, réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

O curso de terceiro comprende 22 C.A distribuídos e axustados en cada unha das 12 U.D. En cada unha das tres avaliacións darase un peso global do 80% ás probas escritas e o 20% ás táboas de indicadores. Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle dará aos instrumentos de avaliación. En todas as U.D. o peso será 80% probas escritas e 20% táboas de indicadores, salvo na U.D. 12 na que a ponderación será 60% probas escritas e 40% táboas de indicadores. Nesta materia, polas súas propias características, non pode rexer a avaliación continua no referente aos contidos.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10. Con carácter xeral faranse dous exames por trimestre. Os exames serán fundamentalmente escritos, pero tamén poderán realizarse exames de tipo oral. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase mediante explicación da profesora ou exposición de traballos e debates protagonizados polo alumnado. O plantexamento dos exames orientarase cara a unha demostración de comprensión dos contidos (grao de adquisición e utilización dos conceptos clave ou vocabulario específico dos temas), das capacidades de interrelación multicausal, capacidades de expresión, adecuación das técnicas de traballo (comentario de textos, gráficos, mapas), capacidade de organización da información (esquemas, cadros conceptuais, táboas comparativas...), razoamento con exemplificacións que concreten eses coñecementos, etc.. Tamén se tomará en consideración a adecuación (o exercicio deberá axustarse ao tenor do enunciado, é dicir, non se poderá responder cun texto cando o que se pide é unha táboa ou esquema, etc.), e a redación (deberá coidarse a corrección na expresión, así como a ortografía e a caligrafía). As faltas de ortografía e o descoido da caligrafía reiteradas serán penalizadas con redondeos de nota negativos. Nos exames especificarase o valor de cada pregunta, entendendo que a puntuación máxima corresponderá coa resposta respondida correctamente, diminuindo a puntuación en consecuencia segundo os criterios obxectivos establecidos pola docente. A cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada pregunta.

As probas parciais servirán para facer a media da avaliación. Será preciso non baixar do 3,5 para compensar cos exames aprobados.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado e poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósteres; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregarase o sistema de rúbricas. Tomarase en conta a implicación no traballo ao longo do curso, así como o grao de autonomía amosada xa que o alumnado de 3º ESO debe actuar cunha madurez suficiente á hora de procurar polos seus medios enterarse do traballo na aula nos días nos que estivo ausente, pedir información, sexa a profesora ou os compañeiros e procurar poñerse ao día coas tarefas a realizar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 9-10; avanzado 7-8; satisfactorio 6; básico 5; insuficiente 3-4. Por debaixo deste nivel rexistrárase a falta de traballo e implicación 1-2. A nota extraeráse da media destes valores. Establecerase un prazo para a entrega de cada tarefa fóra do cal non se aceptará a recepción. A tarefa non entregada en prazo deberá ser entregada na fase de recuperación.

A nota da avaliación será =  $[\text{Media exames} \times 80] + [\text{Media rúbricas} \times 20] / 100$

A avaliación considerarase aprobada coa calificación mínima de 5. O redondeo da puntuación, cara arriba ou cara abaixo, quedará a expensas dos aspectos indicados (ortografía, caligrafía, implicación...). Para o redondeo negativo será tido en conta ademais a falta de material na aula e os negativos por tarefas sen facer. Se o aprobado non se acadara por causa da nota parcial dun tema inferior a nota de media proporase a recuperación do tema indicado que tanto poderá disporse con proba escrita, oral ou mediante entrega de tarefa. A recuperación levarase a cabo como moi tarde nas dúas semanas posteriores á entrega de notas. Non se contemplarán exames para subir nota. As notas destacadas o alumnado deberá procuralas co seu traballo cotiá ao longo do curso.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final =  $[(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval.} \times 34) + (\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval.} \times 36) + (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval.} \times 30)] / 100$ .

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nunha proba escrita final na que se examinarán os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser 5 ou superior (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Cómpre salientar que no caso de manifesto abandono nas probas, na participación na aula e no caderno da materia o alumno non podería ser avaliado positivamente. A fraude na realización de traballos e/ou exames implicará o suspenso inmediato coa mínima nota. Enténdese por fraude a copia en calquera das súas formas e a entrega de tarefas feitas por un terceiro (en especial adultos). A fraude poderá detectarse no momento da súa comisión ou durante a corrección baixo o criterio da profesora. Esta circunstancia especialmente grave implicará a mínima nota no boletín trimestral e fará preciso realizar a recuperación. Copiar no exercicio de recuperación final do curso suporá o suspenso quedando a materia pendente.

### **Criterios de recuperación:**

Darase ao alumnado que o precise a posibilidade de realizar un exame de recuperación por avaliación.

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor).

Co alumnado que non aprobe o curso levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na reelaboración e/ou revisión das tarefas e contidos traballados nos trimestres, así como actividades de reforzo sobre os temas traballados nas unidades da avaliación. Realizarase unha proba escrita -nalgúns casos, a criterio da profesora, poderá realizarse algunha proba oral- sobre ditos contidos. A docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos. As tarefas de repaso deberán ser entregadas no prazo indicado e recibirán igualmente unha nota de 1 a 10.

Para calcular a nota da recuperación considerarase o 80% das probas escritas e o 20% dos traballos de repaso.

Levarase a cabo un redondeo da cualificación que seguirá os criterios enriba indicados. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécense cos instrumentos da recuperación.

Todo o traballo será guiado pola docente quen estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover a recuperación.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O departamento de Xeografía e Historia do IES Brión establece o seguinte plan de traballo para o alumnado con materias pendentes:

- O departamento fará un seguimento do alumnado con materias pendentes baixo a coordinación do xefe do Departamento. Serán os profesores que impartiron clase ao alumnado pendente os que organizarán a forma de traballar con eles a materia pendente.

- Os alumnos entregarán un boletín de exercicios que se lles proporcionará ao comezo do curso e que constará de dúas partes: unha primeira para entregar no mes de xaneiro e unha segunda parte para entregar a comezos de maio.

- Os mínimos esixibles para o alumnado de pendentes na ESO estarán baseados nos contidos mínimos da materia, que o profesorado encargado de avaliar e facer o seguimento de pendentes lle comunicará ao alumnado interesado.

Os boletíns de exercicios suporán o 30% da cualificación. O outro 70% dependerá da cualificación dos dous exames que sobre os contidos dos boletíns realizará o alumno en xaneiro e en maio. De non quedar definitivamente resolta a recuperación da materia con estes exames parciais poderá ofrecerse ao alumnado a posibilidade de volver repetir a recuperación nun exame final que comprenderá o exame parcial non superado ou o contido dos dous parciais. Este exame terá lugar en xuño. Tanto os exames coma o boletín serán cualificados de 1 a 10, tendo en conta no boletín de tarefas o grao de elaboración das mesmas por tema ou unidade, non podendo deixar ningún tema en branco.

O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

### 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerlo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivarse máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contéplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de

decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social.	X	X		X			X	X
ET.2 - Educación ambiental.	X		X	X	X	X		
ET.3 - Educación para a igualdade.		X		X			X	X
ET.4 - Emprendemento.			X	X	X	X		
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.7 - Educación para a paz		X		X				
ET.8 - Educación para o consumidor	X			X	X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social.	X	X	X	
ET.2 - Educación ambiental.				
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X		
ET.4 - Emprendemento.				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.		X		
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.8 - Educación para o consumidor		X		

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.

Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal inclúese a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula. Unido a esta actitude enténdese a antiga competencia en autonomía, que o alumnado de 3º de ESO debe xa amosar á hora de organizar o seu traballo, amosando o interese polo mesmo e pola súa progresión, sen esperar a que todo veña dado ou guiado.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Complementaria		X	
Asistencia a charlas	Complementaria	X		
Excursións de interese didáctico	Complementaria			X
Roteiros didácticos	Complementaria			X
Proxección de cine de interese para a materia	Complementaria	X		
Asistencia a representacións teatrais	Complementaria		X	
Visitas a institucións (Parlamento, Xunta) e servizos públicos (Meteogalicia)	Complementaria		X	

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

As propostas recollidas preséntanse como posibles opcións que poderán levarse a cabo en función de que a opción se produza e da marcha favorable do curso.

Aínda tendo en conta a importancia ou interese que estas actividades poden ter na formación do alumnado, poderá ser disposta a exclusión das mesmas de aquel alumnado que reiteradamente non demostre na aula un comportamento cívico e ou amose unha marcada falta de traballo e interese pola materia.

### **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A temporalización foi adecuada.
Realizouse a avaliación inicial

Metodoloxía empregada
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado.
As actividades foron variadas.
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega variedade de recursos
Sabe dirixir a clases
Cumpriu co horario de clase
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Os criterios de cualificación foron axustados.
Outros
Demostra coñecemento da materia
Valora o esforzo
Valoración xeral da materia.

**Descrición:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos,

contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

## **9. Outros apartados**